

## EDITORIAL

*Dalgún xeito podería afirmarse que a revista QUINTANA non é só froito do esforzo científico do Departamento de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela ao que pertence, senón tamén unha realidade física e tanxible que foi posible grazas ao continuo patrocinio da Deputación Provincial da Coruña que, desde o primeiro momento, creu en nós e financiou, desde o ano 2002, todos os números que saíron ata o de agora na súa edición impresa. Este feito obviamente obríganos a recoñecer e agradecer o seu importantísimo papel de mecenas, que sempre foi moi eficaz ademais de enormemente xeneroso.*

*Con todo, ao ser QUINTANA unha revista académica e universitaria que está incorporada a máis dunha vintena de bases de datos internacionais, obrigounos a asumir novas esixencias; e entre elas está o dar o paso a unha edición de carácter dixital que permita difundir todos os seus contidos dun xeito inmediato, e axustada a unha serie de requisitos formais que co tempo estanse a converter en imprescindibles. Isto explica que sexa o número 16 de QUINTANA, que aquí presentamos, o que abra precisamente esta nova etapa editorial, que incorpora tamén algunhas importantes novidades. Entre elas a inclusión obligatoria do ORCID de cada investigador, código que serve para a correcta identificación dos autores. Igualmente a adaptación das normas de referencias bibliográficas dos artigos ao Chicago Manual of Style (17ª edición), por ser o standard internacional máis utilizado na área de Humanidades e porque permite implementar os DOI (Digital Object Identifier) para cada artigo e para as súas citas bibliográficas. Finalmente compre salientar que a revista foi seleccionada no ano 2017 para ser sometida a unha avaliación de tres anos no Emerging Sources Citation Index (ESCI, Clarivate Analytics), o que deixa ver sen ningún xénero de dúbidas a súa boa posición de partida e a posibilidade de acadar no futuro novos retos de visibilidade e recoñecemento internacionais.*

*Nada cambia, polo demais, no deseño e formato da revista con excepción de que agora damos paso a unha coidada edición en cor; todo o demais permanece: os seus apartados e bloques temáticos, así como a idea de rescatar textos pouco coñecidos de autores galegos, de dar conta de eventos e exposicións de recente actualidade ou de apuntar as últimas publicacións que saían á luz. Por ese motivo, mantendo a nosa tradicional organización de contidos, o Tema monográfico do número 16 leva esta vez como título A elocuencia da memoria. Arte, oratoria e retórica, e nel intégranse os artigos de Erik Inglis, que estuda os textos medievais que fan referencia ás técnicas artísticas perdidas e recuperadas, na súa maior parte en escritos de autores eclesiásticos; de Paul Binski, que analiza a liña da beleza no Gótico, particularmente na Inglaterra dos séculos XIII e XIV; de Manuel Joaquim Moreira da Rocha, coa súa visión da retórica do espazo na arquitectura relixiosa portuguesa de época renacentista e barroca; ou a análise de Vicente José Benet Ferrando, na que nos presenta as ruínas de Belchite como un "lieu de mémoire" clave da Guerra Civil española.*

*Xa no bloque de Colaboracións, como vén sendo habitual, se aglutinan un gran número de artigos de tema libre e carácter heteroxéneo. Entre eles os de Miguel Abelleira Doldán, sobre a arquitectura institucional galega da Autarquía, o de Juan Ignacio Arias, Alexis Candia-Cáceres e Patricio Landaeta sobre a New Babylon de Constant, o de Belén Atencia Conde-Pumpido sobre as proporcións áureas, as matemáticas e a cuarta dimensión no cubismo ou o de Jaime Blanco Aparicio que analiza as transformacións no poder e a súa influencia na pintura francesa na primeira metade do século XVIII. Súmanse a eles as investigacións de Emilio Cachorro Fernández, Alberto Carrere, María Joao Castro e Pelayo Fernández Fernández que analizan, respectivamente, a imaxe da nova monumentalidade apreciable nalgúns exemplos de arquitectura da primeira metade do século XX, o papel da caligrafía no deseño de estilos gráficos no cine de animación, a idea asociada de turismo e imperio, como invitación á viaxe*

colonial, ou a obra do escultor seiscentista Juan de Castro no contexto xeográfico do principado de Asturias. Conclúen finalmente esta longa nómina de autores e estudos, as investigacións de Sonsoles Hernández Barbosa, Gonzalo M. Pavés, Aneta Pawlowska, Eva María Ramos Frendo, Irene Valle Corpas e Alfredo Vigo Trasancos, nestes casos centradas en abordar a figura do dandy e o esteta e o cultivo da sensibilidade, as historias impúdicas vistas desde o ollo cinematográfico de Bigas Luna, o influxo do xaponés no modernismo polaco, a figura da artista danesa afincada en París Gerda Wegener, a imaxe do labirinto e as súas revisións no século XX ou a historia inventada que se creou en torno á figura do Santo dos Croques do Pórtico da Gloria que moitas veces interpreouse como un retrato do Mestre Mateo.

Pola súa banda, Escritos sobre... saca á luz entrevistas, notas de prensa e outros documentos varios que poñen de manifesto a relación entre o músico galego Andrés Gaos e o compositor e inventor de instrumentos musicais Emmanuel Moor, que é analizada por Javier Garbayo. Feitos e tendencias comenta á súa vez as exposicións habidas de Castelao no Museo de Pontevedra, que realiza Susana Cendán, e a que, sobre a fotógrafa Anna Turbau, celebrouse na sala de exposicións do Colexio de Fonseca de Santiago e que é comentada por Chus Martínez Domínguez. Conclúe o número cun abundante elenco de reseñas de carácter bibliográfico analizadas neste caso por un amplo abano de historiadores da arte.

Para concluir é preciso agradecer a colaboración de todos aqueles que neste número tiveron un destacado papel, comezando polos distintos autores que participaron coas súas investigacións; así mesmo dos membros do comité científico e de redacción pola constante e precisa axuda; por suposto dos secretarios da revista Jesús Ángel Sánchez García e Julio Vázquez Castro porque sen o seu calado e minucioso traballo este número dificilmente saíría coa precisión debida. E claro está, tamén, o noso agradecemento a Juan Luís Blanco Valdés e a José Enrique Quintáns Míguez, do Servizo de Publicacións da USC, polo apoio e a cobertura que sempre nos proporcionaron e polo esforzo que realizaron tamén para darlle á revista a máxima difusión. Conclúo desexándolle a esta nova etapa da revista QUINTANA unha longa vida académica que queremos que sexa, en todas as ordes, enormemente frutífera.

Alfredo Vigo Trasancos  
Director de QUINTANA